



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 17 de XULLO de 2023 (1510/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a José Caride Estévez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xullo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(595).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(596).- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O PROXECTO “VIGO, PORTA DO MUNDO” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO. EXPTE. 19717/101.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 e xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos A xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos por delegación da xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía do 14 de xullo de 2023, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para o proxecto “Vigo, Porta do Mundo” organizado polo Faro de Vigo (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “VIGO PORTA DO MUNDO” á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e asinado con data 12 de xullo de 2023

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Area de Contratación e Novos Proxectos, con data 12 de xullo de 2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación dun total de 84.700,00 € (OITENTA E CATRO MIL SETECENTOS) co ive engadido. Sendo o importe do ive de 14.700,00 € (CATORCE MIL SETENCENTOS) e o valor estimado do contato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP de 70.000,00 € (SETENTA MIL).



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento de acordo as seguintes anualidades: Ano 2023: 84.700,00 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP."

Segundo.- O 14 de xullo de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.

Terceiro.- O 14 de xullo de 2023 FARO DE VIGO, S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 14 de xullo de 2023, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos por delegación da xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía de data 14 de xullo de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acórdase admitir a neste procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.

A continuación, procedeuse á apertura da documentación económica contida no "SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA", de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación "dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación, polo que non procede a mesma."

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP "*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*".

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, habendo sido

achegada polo licitador no sobre A, e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO S.A.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO S.A.U. e comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 14 de xullo de 2023 de apertura dos sobres A e B.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO S.A.U o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do patrocinio publicitario para o proxecto “Vigo, Porta do Mundo” organizado polo Faro de Vigo por un prezo total de 84.700,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.700,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(597).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA ARTISTA "BAD GYAL".EXPTE. 9697/335.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista "BAD GYAL" (9697-335) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 14 de xullo de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria do contrato da prestación do DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE "BAD GYAL" DENTRO DO "PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2023".

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 12 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 13 de xullo de 2023, redactado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto por importe de 181.500,00 euros, sendo o valor estimado do contrato de 150.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria

3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- O 14 de xullo de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.

Terceiro.- O 14 de xullo de 2023 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O día 14 de xullo de 2023 reuníronse a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como responsable do contrato, co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal.

Dado que o licitador, para os efectos de acreditar a súa solvencia técnica e profesional, achegou documentos de formalización dos contratos tramitados nos expedientes 9241-335 e 9239-335 realizados con este Concello, solicitouse polo Servizo de Contratación certificación sobre a execución do outro contrato declarado polo licitador, expediente 9239-335.

O 17 de xullo de 2023 reuníronse novamente a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como responsable do contrato, para a cualificación da documentación presentada no Sobre A e, se procedese, a apertura do Sobre B.

Consta no expediente certificado asinado pola secretaria do Goberno local de data 30 de xuño de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o concerto de HOMBRES G (9241-335 -contrato- e 9428-335 -facturas-) por un prezo total de 121.000 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.000 euros. Asemade, consta no expediente certificado asinado pola secretaria do Goberno local de data 14 de xullo de 2023 de acreditación da solvencia técnica do licitador pola execución en 2022 da actuación artística, rider e catering para o concerto de LOLA ÍNDIGO (9239-335 -contrato- e 9426-335 -facturas-) por un prezo total de 123.420 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 21.420 euros.

Cualificada a documentación administrativa, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.8.A) do PCAP, acordouse admitir a neste procedemento a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. e procedeuse á apertura da documentación económica contida no “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”, de conformidade coa cláusula 14.2 do PCAP.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación *“dado que o artista xa foi seleccionado, as características do espectáculo determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación”*.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP *“Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada. A redución do prezo que se oferte non ten incidencia no desenvolvemento do evento, polo que unha oferta económica do servizo máis vantaxosa favorece á Administración”*.

Ao abeiro do previsto na cláusula 15 do PCAP e ao haber un único licitador, non se lle outorga puntuación.

Dado que a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e b do apartado 1 do artigo 140 da LCSP xa consta no expediente, ben porque foi presentada polo licitador ou porque formaba parte doutros expedientes (9241-335 e 9239-335), e se considera correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que posúe os dereitos de exclusiva de acordo co artigo 168.a 2º da LCSP.

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á actas do 14 e 17 de xullo de 2023 de apertura dos sobres A e B, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L. (B27786045) o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do artista “BAD GYAL” (9697-335) por un prezo total de 181.500,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.500,00 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(598).- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DO SISTEMA DE ENTRADAS PARA EVENTOS DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9745/335.

Visto o informe de fiscalización do 17/07/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 e a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de organización do sistema de entradas para eventos do Programa “Vigo en Festas” (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 23 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento negociado e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de organización do sistema de entradas para eventos do programa “Vigo en festas”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 9 de xuño de 2023, redactado pola xefa do Servizo de Festas, e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 23 de xuño de 2023, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación de 34.241,94 euros, sendo o valor estimado do contrato de 28.299,13 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario do Servizo de Festas, para o vixente exercicio económico.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

Segundo.- O 26 de xuño de 2023 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a PREMIUMGUEST, S.L. e a FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL, para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 27 de xuño de 2023 PREMIUMGUEST, S.L. presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para os efectos.

Ao mesmo tempo, en data 6 de xullo de 2023, recibíuse comunicación asinada polo seu representante de FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL, no que indican que “(...) Afundación non vai presentar oferta no procedemento licitatorio para a selección do contratista relativo ao expediente arriba identificado” (9745/335).

Cuarto.- O 6 de xullo de 2023, reúnense a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, co obxecto de abrir a oferta presentada polo único licitador que presentou ofertas dos dous invitados a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal polo que se procedeu á apertura e do sobre B “MATERIAS OBJETO DE NEGOCIACIÓN”.

A continuación, deuse traslado da documentación do Sobre B ao servizo xestor para a súa valoración.

Quinto.- Con data do 11 de xullo de 2023 a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, emitiu informe de análise da documentación do Sobre B con proposta de negociación sobre varios aspectos.

Sexto.- Con data do 12 de xullo de 2023 PREMIUMGUEST, S.L. presenta unha nova oferta, da que se dá traslado á xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023 para a súa valoración.

Na mesma data, a xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023 o emite informe no que propón dar por concluída a negociación.

Sétimo.- En cumprimento do previsto no apartado 7 da cláusula 14, concluída a negociación, reúnense o 12 de xullo de 2023 ás 14:35 horas a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023 para a apertura do sobre C “CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN” co seguinte resultado:

- PREMIUMGUEST, S.L. oferta unha redución do prezo de 21 % e un incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos de 8 lectores.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP, para determinar se a oferta contén valores anormais ou desproporcionados, “(...) *a proposición é anormalmente baixa cando sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.*”. Segundo o apartado 1 do citado artigo “Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais”. Dado que o licitador ofertou unha baixa do 21 %, pódese confirmar que a súa oferta non contén valores anormais.

Oitavo.- Tendo en conta o anterior a técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 xunto coa xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023 formulan a concelleira da Área



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (por delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023) proposta de clasificación.

Noveno.- O 12 de xullo de 2023 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (por delegación da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023) acorda:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de organización do sistema de entradas para eventos do Programa “Vigo en Festas”(9745-335) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador
1	PREMIUMGUEST, S.L.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREMIUMGUEST, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento a documentación enumerada na cláusula 17 do PCAP, así como a acreditación da constitución de garantía definitiva esixida na cláusula 20 e no apartado 9.B do Anexo I -FEC-.”

Décimo.- O anterior acordo é notificado á licitadora o 12 de xullo de 2023 que presenta a documentación requirida os días 12, 13 e 17 de xullo de 2023, dentro do prazo concedido.

Revisada, por parte da técnica de administración xeral do Servizo de Contratación por delegación da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 27 de xuño de 2023 e da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos como instrutora do procedemento por resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 23 de xuño de 2023, a documentación presentada e sendo esta correcta, acordan propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, PREMIUMGUEST, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao/á xefe/a do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a mellor oferta de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos ás acta do 7 e 12 de xullo de 2023 de apertura e valoración dos sobres B e C.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PREMIUMGUEST, S.L., o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de organización do sistema de entradas para eventos do Programa “Vigo en Festas”(9745-335) coas seguintes condicións:

- 1. O prezo total do contrato é de 34.241,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.942,82 euros.*
- 2. Propón unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP do 21 %.*
- 3. Propón un incremento do número mínimo de lectores PDA de validación de entradas establecido no apartado 6.3.3 do PPTP para todos os eventos de 8 lectores PDA.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta minutos. Como secretaria dou fe.



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local
Expte. 1510/1102

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez